

## *Nota de prensa*

**Duplicouse o número de inscricións rexistradas o pasado curso escolar nestas datas**

# **FUNDACIÓN EROSKI FORMA A MÁIS DE 148.000 ESCOLARES EN HÁBITOS DE ALIMENTACIÓN E VIDA SAUDABLES DURANTE ESTE PRIMEIRO TRIMESTRE ESCOLAR**

- **1.121 escolas de Primaria inscribíronse ata a data, o que supón un incremento do 148% con respecto ao número de escolas participantes o curso pasado por estas mesmas datas**
- **A iniciativa, desenvolvida en colaboración con centros escolares de toda España, busca sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e un estilo de vida saudable**
- **O Programa Educativo de Alimentación da Fundación EROSKI (PEAHS) foi premiado recentemente como unha das mellores accións de comunicación de RSC desenvolvidas no 2016 en España**

Elorrio, 28 de decembro do 2017.- Máis de 148.000 escolares de toda España participaron durante o primeiro trimestre escolar na VI edición do Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS) que desenvolve a [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#). Ata a data levan participado 1.121 escolas de Primaria de toda España, o que supón un incremento do 148% con respecto ao número de escolas que participaron o curso pasado por estas mesmas datas. Ademais, o 75% das escolas participantes este ano xa participaron en anteriores edicións.

*"Estamos moi satisfeitos cos resultados do programa. Nun único trimestre demos dobrado xa o número de escolares rexistrados o curso pasado por estas datas. Dende a posta en marcha do programa, o número de escolas interesadas en participar non deixou de aumentar e o feito de que moitas delas repitan a experiencia supón para nós un recoñecemento a este programa educativo",* sinala o director da Fundación EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Dende a Fundación EROSKI, conscientes do crecemento da taxa de obesidade infantil, debido principalmente aos novos costumes de alimentación e ás actuais rutinas de ocio dos cativos, puxeron en marcha no 2013 este programa educativo

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

dirixido aos centros escolares para promover a alimentación e os hábitos de vida saudables. Dende aquela, máis de 550.000 escolares de Primaria de máis de 2.900 centros escolares participaron nel.

O obxectivo primordial do programa é sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e de seguiren un estilo de vida saudable.

### **Premio OCARE, novo recoñecemento ao PEAHS**

O programa formativo de Fundación EROSKI para promover unha alimentación máis saudable conta con numerosos recoñecementos. Entre eles atópase o premio OCARE á "Mellor campaña de comunicación RSC coa sociedade civil", logrado recentemente. [O Observatorio da Comunicación e a Acción da Responsabilidade Empresarial \(OCARE\)](#) premiou o *Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables (PEAHS)* como unha das mellores accións de comunicación de RSC desenvolvidas no 2016 en España. Os premios OCARE teñen como obxectivo recoñecer as mellores iniciativas e accións da Comunicación arredor da Responsabilidade Social Corporativa (RSC).

Ademais, o PEAHS conta con numerosos recoñecementos, entre eles, o Premio "O Chupete" no Festival Internacional de Comunicación Infantil en recoñecemento á comunicación dirixida a menores; o Premio NAOS outorgado polo Ministerio de Sanidade e Consumo en recoñecemento á súa achega á saúde dos consumidores e á difusión de hábitos de vida saudables; o Selo Gosasun de Innobasque (Axencia Vasca de Innovación); o Premio Cidadán na categoría de Saúde e Calidade de Vida; e o Premio do Centro Catalán da Nutrición (CCNIEC).

### **Novidades para este curso**

O PEAHS foi configurado por un Comité Científico formado por profesionais de diferentes disciplinas -medicina e pediatría, nutrición e dietética, psicopedagogía e pedagogía- e forman o alumnado sobre os elementos básicos dunha alimentación equilibrada, hábitos de vida saudables, o coñecemento dos produtos locais, diferentes realidades da nutrición no mundo e a sostibilidade do planeta. Unicef, WWF, a Fundación Española do Corazón e o Basque Culinary Center son colaboradores da Escola de Alimentación e elaboraron parte dos contidos do programa educativo.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O curso, dirixido a estudantes de Primaria, conta con dez sesións didácticas que se desenvolven na aula. E complétase con obradoiros prácticos. Os alumnos aprenden a realizar unha compra saudable nunha tenda EROSKI e teñen a oportunidade de visitar as instalacións dun produtor agroalimentario local, para coñeceren de primeira man a orixe dos alimentos.

*"Este ano reformulamos os obradoiros tradicionais en tenda para facérmolos aínda máis divertidos e didácticos, e incorporamos un novo formato de obradoiro en tenda 'O chef da clase'. O pasado curso realizáronse máis de 1.160 obradoiros en 209 tendas, que contaron coa participación de máis de 27.600 escolares",* explicou Martínez Berriochoa.

Ademais, para este curso incorporouse unha nova edición do concurso de receitas saudables "Imagine Food", que tanto éxito logrou nas anteriores edicións e espera incorporar novidades ao longo do que resta de curso. Outra das novidades é a incorporación ao programa de actividades para realizar en familia, de xeito que o aprendido na aula e nos obradoiros se poida poñer en práctica na casa.

As escolas interesadas en participar no PEAHS durante o curso 2017-2018 pódense inscribir a través de [www.escueladealimentacion.es](http://www.escueladealimentacion.es) ou no teléfono de atención 94 607 28 41.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA  
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)